

LINGUAXE MUSICAL

A proba estará composta polos seguintes apartados:

- 1) **Lectura rítmica.** 4 exercicios de un máximo de 8 compases cada un, nas claves de Sol e de FA en 4ª, que incluírá as dificultades propias do 4º curso de G.E.
- 2) **Entoación.** 2 exercicios de 8 compases en Clave de Sol, en tonalidades maiores ou menores ata 4 alteracións. Dito exercicio realizarase sen acompañamento pianístico. O alumno deberá entoar a escala e o arpexio de tónica de cada un dos exercicios, antes da súa realización apoiado polo piano.
- 3) **Ditado.** Consistirá nunha frase de 8 compases, que incluírá as dificultades propias do 4º curso de grao elemental en tonalidades maiores ou menores ata 4 alteracións. O alumno terá que situarse tonalmente tomando como referencia o LA 440, e tras escoitar a escala, o arpexio e o esquema harmónico I IV V I da tonalidade.
- 4) **Análise.** Sobre unha partitura para voz e piano, o alumno deberá recoñecer nela os aspectos rítmicos, melódicos, harmónicos e formais propios do 4º curso de grao elemental (tonalidade, forma, tipos rítmicos, intervalos, notas estrañas, tipos de escalas, análise de graos e cadencias).

Valoración da proba

Cada un dos catro apartados puntuarase de 0 a 10 puntos, debendo o alumno superar, en cada un deles, os coñecementos mínimos requiridos polo tribunal. A nota final obterase mediante a seguinte media ponderada:

- 1) **Lectura rítmica 40%**
- 2) **Entoación 20%**
- 3) **Ditado 20%**
- 4) **Análise 20%**

Para superar a proba, o alumno/a deberá obter unha cualificación igual ou superior a 5.

Criterios de avaliación

- 1) Ler fragmentos rítmicos nas clave de sol e de fa en 4ª, nun tempo establecido, mantendo o pulso fronte ao cambio de compás aplicando a equivalencia establecida, executando as fórmulas rítmicas con corrección, e nomeando correctamente as notas.
- 2) Entoar afinadamente as melodías propostas, nomeando as notas e mantendo correctamente o pulso. Entoar con correcta afinación as escalas e arpexios de tónica.
- 3) Recoñecer a través da audición dun fragmento rítmico-melódico, o compás, a tonalidade, os movementos melódicos e as fórmulas rítmicas, e reproducilo graficamente con corrección.
- 4) Analizar con corrección sobre unha partitura os elementos rítmicos, melódicos, expresivos, harmónicos e formais solicitados.

***NOTA:** Os alumnos poderán traer un diapasón para facer uso del na entoación e no ditado.

IMPORTANTE:

Todos os aspirantes deberán traer:

- DNI ou documento fidedigno que acredite a súa identidade.
- Lapis e goma.